

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27007958	CPI Luís Díaz Moreno	Baralla	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

A educación en valores cívicos e éticos constitúe un requisito necesario tanto para o exercicio activo e responsable da cidadanía como para o desenvolvemento da autonomía moral e da personalidade do alumnado. Non hai dúbida de que estes dous propósitos se encontran relacionados entre si, pois non é posible un exercicio activo e responsable da cidadanía democrática sen un compromiso ético persoal, libre e fundamentado, con determinados principios e valores. De aí a necesidade de que toda educación cívica ou en valores estea traspasada por ese exercicio reflexivo e crítico sobre a moral individual e colectiva que representa a ética filosófica.

En termos xerais, e de acordo cos obxectivos educativos e co perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico, a formación en valores cívicos e éticos implica mobilizar o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes, así como os valores que lle permiten ao alumnado tomar conciencia da súa identidade persoal e cultural, afrontar cuestións éticas fundamentais e adoptar unha actitude consecuente co carácter interconectado e ecodependente da súa vida en relación coa contorna; todo iso co obxecto de poder apreciar e aplicar con autonomía de criterio aquelas normas e valores que rexen a convivencia nunha sociedade libre, plural, xusta e pacífica.

A materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos supón un maior nivel de afondamento e desenvolvemento dos catro ámbitos competenciais fundamentais sobre os cales se organizaba, como área, na educación primaria. O primeiro é o do autoconhecimento e o desenvolvemento da autonomía moral. O segundo atende á comprensión do marco social de convivencia e ao compromiso ético cos principios, valores e normas democráticas que o rexen. O terceiro refírese á adopción de actitudes compatibles coa sustentabilidade da contorna desde o entendemento da nosa relación de inter e ecodependencia con el. E, finalmente, o cuarto, máis transversal e dedicado á educación das emocións, ocúpase de desenvolver a sensibilidade e a conciencia e xestión dos afectos no marco da reflexión sobre os valores e os problemas éticos, cívicos e ecosociais. Pola súa vez, cada un destes ámbitos competenciais desenvólvese en dous niveis integrados: un máis teórico, dirixido á comprensión significativa dos conceptos e cuestións máis relevantes da materia; e outro, máis práctico ou instrumental, orientado a promover, desde a reflexión crítica e o diálogo argumentativo, condutas e actitudes acordes con aqueles valores éticos, cívicos e ecosociais que orientan á convivencia.

En canto aos criterios de avaliación, estes fórmulanse en relación directa con cada un dos catro obxectivos da materia e han de entenderse como ferramentas de diagnóstico e mellora en relación co nivel de desempeño que se espera da súa adquisición. Os criterios de avaliación teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos da aprendizaxe, o cal exige o uso de instrumentos de avaliación variados e axustables aos distintos contextos e situacións de aprendizaxe.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia distribúense en tres bloques. No primeiro deles, denominado «Autoconhecimento e autonomía moral», trátase de invitar o alumnado a unha investigación sobre aquilo que o constitúe e diferencia como persoa, promovendo a xestión das súas emocións e desexos, así como a deliberación racional sobre os propios fins e motivacións. Este exercicio de autodeterminación exige, naturalmente, afrontar algunhas cuestións éticas de relevancia, como as referidas á autonomía e a heteronomía moral, a vontade e a construción do xuízo moral, a práctica e identificación de virtudes e sentimentos morais e, en xeral, a reflexión sobre os valores, principios e normas que orientan as nosas accións como persoas e cidadáns. Pola súa vez, para entender o peso que a reflexión ética ten na nosa vida, convén que alumnas e alumnos poñan a proba o seu xuízo e capacidade de criterio afrontando aquelas cuestións que afectan máis directamente a súa vida persoal, como as vinculadas coa autoestima, as relacións afectivas, a liberdade de expresión e outros dereitos individuais, a prevención dos abusos e o acoso, as condutas aditivas ou a influencia dos medios e redes de comunicación.

No segundo dos bloques, denominado «Sociedade, xustiza e democracia», preténdese que o alumnado comprenda a raíz social e cultural da súa propia identidade, recoñecendo así o poder condicionante das estruturas sociais a que pertencen. Para iso, terá que comprender certas nocións políticas fundamentais, identificar e valorar os principios, procedementos e institucións que constitúen o noso marco democrático de convivencia, e afrontar de modo reflexivo e dialogante a controversia ideolóxica sobre as normas e os valores comúns. Logo desta parte máis teórica centrada na socioloxía e na filosofía política, o bloque afronta unha segunda tarefa de asimilación que debe contrastarse no diálogo sobre os problemas éticos máis urxentes (a situación dos dereitos humanos no mundo, a desigualdade e a pobreza, a igualdade e corresponsabilidade de homes e mulleres, a violencia de xénero, o respecto á diversidade e ás minorías, o fenómeno migratorio, a crise climática, etc.), así como mediante a implementación de procedementos e valores democráticos na contorna escolar e cotiá do alumnado.

Para rematar, no terceiro bloque, denominado «Desenvolvemento sustentable e ética ambiental» perséguese, a través do traballo interdisciplinar e do cultivo do pensamento sistémico, unha comprensión básica daquelas relacións de interdependencia, interconexión e ecodependencia que determinan a interacción entre as nosas formas de vida e o medio social e natural. Esa tarefa comprensiva é o requisito para emprender o debate ético ao redor dos grandes problemas ecosociais que marcan a axenda mundial (a degradación do planeta, o cambio climático, a perda de biodiversidade etc.), así como daqueles obxectivos, alternativas e hábitos de coexistencia sustentable que poidan asegurar a perduración dunha vida humana digna e xusta en harmonía coa contorna.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodependente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ética e persoa		8	3	X		
2	Ética e sociedade		12	4	X		
3	Sociedade e organización política		15	5	X		
4	A democracia		15	6	X	X	
5	Dereitos humanos		15	6		X	X
6	Dereito e xustiza social		15	5		X	X
7	Dimensión ética da ecoloxía		10	3		X	X
8	Ciencia, política e ética na crise ambiental		10	3			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Ética e persoa	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Recoñecer a dimensión ética como intrínseca ao comportamento humano.	TI	100
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Recoñecer a necesidade de argumentar as decisións éticas. Valorar o diálogo como ferramenta mellor para a resolución de conflitos.		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Valorar a importancia das emocións e a súa influencia no comportamento ético da persoa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos.</li> <li>- O obxecto da ética.</li> <li>- A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar.</li> <li>- A natureza humana.</li> <li>- Liberdade e moralidade como características especificamente humanas.</li> <li>- A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital.</li> <li>- A educación de emocións e sentimentos.</li> <li>- A autoestima persoal.</li> <li>- A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.</li> <li>- A educación afectivo-sexual.</li> <li>- Análise das accións.</li> <li>- Os motivos da acción: desexos e razóns.</li> <li>- A vontade como razón práctica.</li> <li>- A autonomía da vontade.</li> <li>- A responsabilidade das accións.</li> <li>- A ética e as éticas como guías das nosas accións.</li> <li>- O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.</li> <li>- Universalismo e pluralismo moral.</li> <li>- Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Ética e sociedade	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Valora o respecto e empatía ás demais persoas como elemento básico da convivencia.	TI	100
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Recoñecer a necesidade de argumentar as decisións éticas. Valorar o diálogo como o mellor medio para a resolución de conflitos.		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Valorar a importancia das emocións e a súa influencia no comportamento ético da persoa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ética e dereito.</li> <li>- Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.</li> <li>- O conflito lexitimidade-legalidade.</li> <li>- A obxección de conciencia.</li> <li>- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.</li> <li>- O debate sobre a liberdade de expresión.</li> <li>- A ética na sociedade actual.</li> <li>- O problema da desinformación.</li> <li>- A protección de datos e o dereito á intimidade.</li> <li>- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.</li> <li>- As condutas adictivas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Sociedade e organización política	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Valorar a democracia como mellor forma de organización política.	TI	100
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Tomar conciencia dos beneficios da participación cidadá nunha democracia.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Recoñecer as discriminacións que sofren as persoas polo seu xénero, orientación ou identidade sexual.		
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Ser consciente dos beneficios para o ben común da solidariedade fiscal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A sociedade humana: natureza e orixe.</li> <li>- As estruturas sociais e os grupos de pertenza.</li> <li>- Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.</li> <li>- A convivencia social.</li> <li>- As virtudes do diálogo e as normas de argumentación.</li> <li>- A resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- A empatía cos demais.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
4	A democracia	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Tomar conciencia dos beneficios da participación cidadá nunha democracia.	TI	100
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Fomentar a curiosidade e sensibilidade por aspectos da actualidade relacionados coa ética.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Valorar a utilidade da organización política como modo máis idóneo para acadar a xustiza social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A política.</li> <li>- Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.</li> <li>- Formas de Estado e tipos de goberno.</li> <li>- A democracia: principios, procedementos e institucións.</li> <li>- O Estado español como estado social e democrático de dereito.</li> <li>- Valores constitucionais.</li> <li>- A memoria democrática.</li> <li>- A participación democrática: ser cidadáns.</li> <li>- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Dereitos humanos	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Fomentar a curiosidade e sensibilidade por aspectos da actualidade relacionados coa ética.	TI	100
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Ser consciente dos beneficios para o ben común da solidariedade fiscal.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Valorar a utilidade da organización política como modo máis idóneo para acadar a xustiza social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os dereitos humanos.</li> <li>- Referente moral da democracia e a xustiza social.</li> <li>- Xeracións e historia dos dereitos humanos.</li> <li>- Dereitos da infancia.</li> <li>- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Dereito e xustiza social	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Ser consciente dos beneficios para o ben común da solidariedade fiscal.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Valorar a utilidade da organización política como modo máis idóneo para acadar a xustiza social.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A procura da xustiza social.</li> <li>- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.</li> <li>- Globalización económica e bens públicos globais.</li> <li>- O comercio xusto.</li> <li>- O valor social dos impostos.</li> <li>- A igualdade de xénero.</li> <li>- As diversas ondas e correntes do feminismo.</li> <li>- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.</li> <li>- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.</li> <li>- A sociedade e a cidadanía plural.</li> <li>- O interculturalismo.</li> <li>- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.</li> <li>- Os dereitos LGTBIQ+.</li> <li>- A convivencia pacífica e segura.</li> <li>- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.</li> <li>- A atención ás vítimas da violencia.</li> <li>- Accións individuais e colectivas en favor da paz.</li> <li>- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O dereito internacional e a cidadanía global.</li> <li>- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.</li> <li>- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Dimensión ética da ecoloxía	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Valorar a utilidade da organización política como modo máis idóneo para acadar a xustiza social.	TI	100
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodpendencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Percibir a relación entre a vida humana e o medio ambiente.		
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Ser consciente da crise medioambiental.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Tomar conciencia das consecuencias das accións humanas sobre a contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os desafíos da democracia actual.</li> <li>- Os códigos deontolóxicos.</li> <li>- As éticas aplicadas.</li> </ul>

## Contidos

- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.
- As propostas transhumanistas.
- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.
- Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.
- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia.
- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.
- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.
- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.
- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.
- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.
- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Consumo responsable e soberanía alimentaria.

UD	Título da UD	Duración
8	Ciencia, política e ética na crise ambiental	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Percibir a relación entre a vida humana e o medio ambiente.	TI	100
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Ser consciente da crise medioambiental.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Tomar conciencia das consecuencias das accións humanas sobre a contorna.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Comprender a necesidade de prestar atención ás emocións propias (e controlalas cando sexa necesario) e ter en conta as emocións alleas para poder comprender o comportamento dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.</li> <li>- Xustiza ecolóxica.</li> <li>- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.</li> <li>- Ecofeminismo e ética do coidado.</li> <li>- Protección e dereitos dos animais.</li> <li>- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.</li> <li>- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao impartir a materia na aula teranse en conta os seguintes aspectos:

- partir da competencia inicial do alumnado.
- ter en conta a diversidade: respectar os distintos ritmos e formas de aprendizaxe do alumnado.
- potenciar as metodoloxías activas e combinar traballo individual e cooperativo.
- Dado que a maior parte da participación do alumnado será de forma oral, hase de favorecer a súa autonomía persoal para expresar as súas ideas ante o resto do grupo.
- Fomentar o espírito crítico do alumnado e a argumentación nas súas respostas.
- papel facilitador do profesor, que procurará a participación activa de todo o alumnado.

Utilizarase o cine-fórum como recurso metodolóxico.

O cine-fórum é un recurso didáctico moi axeitado para analizar e comprender as múltiples dimensións (técnicas, estilísticas, históricas, psicolóxicas, éticas, etc.) das producións audiovisuais. Nesta materia empregárase como un medio para:

- achegarse de xeito ameno aos contidos da materia.
- coñecer outras culturas, ideas, opinións, etc distintas ás propias do alumnado e fomentar a aceptación da diversidade.
- consolidar actitudes favorables á convivencia pacífica e ao respecto ao diferente no alumnado.
- profundar en asuntos de fondo calado humano e ético.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mobiliario da aula ordenado de xeito que se favoreza a participación oral e o debate.
Ordenador de aula e os seus periféricos.
Proxector e pantalla de proxección.
Webs sobre contidos da materia.
Recursos audiovisuais: películas, vídeos publicados en internet,...
Conexión a internet.

O desenvolvemento da materia baséase na reflexión por parte do alumnado sobre contidos da materia que se presentan nas producións audiovisuais proxectadas na aula. Así, o traballo na aula seguirá esta secuencia:

1- Selección da produción audiovisual, procurando que favoreza a presentación e exposición dos contidos que se van tratar na unidade didáctica. Terase en conta que debe de ser comprensible para o alumnado e motivalo na medida do posible.

2- Presentación do recurso audiovisual, ofrecendo algúns datos que faciliten a presentación do que van ver.

3- Nesta última fase o alumnado expresará de forma oral ante o grupo as súas reflexións sobre os contidos tratados na produción audiovisual que acaba de ver. O profesor será quen dirixa e facilite esta expresión das reflexións do alumnado. Unhas veces farao facendo preguntas ao grupo, noutras organizando un coloquio ou debate, que estará moderado polo profesor. Tanto nas preguntas ao grupo como no debate o profesor favorecerá que participe todo o alumnado, plantexará as cuestións que se tratarán na aula, pedirá que se extraian conclusións, etc e sempre fomentando o uso dun discurso crítico, reflexivo e argumentado por parte do alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

### 1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

### 2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión que se ha de tomar..

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

### 3. TOMA DE DECISIONS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, escolla dos recursos educativos,...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>12</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación desta materia valorará a participación dos/as alumnos/as na aula de xeito que o alumnado acadará: 7 puntos por atender e seguir os contidos tratados na aula. Para iso farase un seguimento por medio de probas escritas e orais.

3 puntos pola súa participación na aula. A fin de valorar este aspecto, o profesor establecerá un número mínimo de participacións durante o trimestre en curso para acadar estes 3 puntos. Deste xeito, a cada participación do alumnado na aula asignaráselle unha puntuación.

Exemplo para comprender o anterior. No primeiro trimestre o profesor establece que o alumnado deberá participar na aula 6 veces para obter os 3 puntos citados. Deste xeito, cada participación na aula vale 0'5 puntos (3 puntos / 6 = 0'5 puntos). Así, un alumno/a que participe 4 veces na aula obtería a seguinte cualificación:

7 puntos (pola atención) + (4 x 0'5 puntos) = 9 puntos

Tamén cabe a posibilidade de penalizar o mal comportamento na aula con notas negativas cuxo valor quedará ao criterio do profesor.

### REDONDEOS

No tocante aos redondeos, aplicarase o redondeo matemático para calcular a nota que ha de figurar no boletín sempre a partir do decimal 5 (sempre e cando a actitude sexa a adecuada), é dicir, un 4,5 será un 5 e así sucesivamente. Seguirase este criterio para obter as cualificacións de cada avaliación e da cualificación de fin de curso.

### COMO SE ELABORA A CUALIFICACIÓN DE FIN DE CURSO?

Esta nota elaborase de xeito que faga converxer dous criterios:

- reflectir a aprendizaxe adquirida en cada avaliación.
- facer valer o principio da avaliación continua e dar máis importancia á aprendizaxe máis recente.

Para acadar esta converxencia optouse por elaborar a nota de fin de curso como un promedio das notas das tres avaliacións:

-Se o resultado da fórmula anterior é igual ou superior a 4'5 puntos considerárase a materia aprobada.

-Se a nota dalgunha avaliación é inferior a 3 puntos non se poderá aplicar a fórmula anterior e nota de fin de curso



non poderá chegar ao 5. Neste caso, é imprescindible recuperar a avaliación cuxa nota sexa inferior a 3 puntos para poder aplicar a formula citada.

#### MEDIDAS DE ATENCIÓN E SEGUIMIENTO DO ALUMNADO REPETIDOR

Durante o curso farase un seguimento do alumnado repetidor a fin de detectar dificultades de aprendizaxe e de traballo e participación na aula. De ser ese o caso, nas unidades didácticas onde haxa estas dificultades, propóraselle ao alumnado repetidor actividades e exercicios máis sinxelos e básicos que os propostos ao grupo de referencia. Estas actividades serán exercicios para cuxa realización haxa que asimilar e adquirir os contidos mínimos da unidade didáctica á que pertencen.

De non darse as dificultades anteriores, o alumnado repetidor seguirá o previsto para o grupo de referencia, tanto en contidos como en actividades e exercicios de aula.

Hai que considerar tamén a posibilidade de que este alumnado, dado que acaba de repetir curso, mostre certa vantaxe no seguimento da materia sobre o grupo de referencia. Se así fose, habería que valorar a conveniencia de que fíxese actividades e exercicios máis esixentes que as do grupo de referencia a fin de que non perda motivación no seguimento da materia.

#### **Criterios de recuperación:**

##### DA PROPIA MATERIA DURANTE O CURSO

A recuperación da materia neste caso farase mediante realización de exercicios / actividades para cuxa realización o alumnado teña que asimilar e adquirir os contidos mínimos esixibles correspondentes ás unidades didácticas que ha de recuperar (aquelas nas que obtivera menos de 3 puntos). Para que estes exercicios teñan validez académica, serán realizados por parte do alumnado, polo menos parcialmente, no centro escolar e en presenza do profesor nas horas de titoría de alumnado ou noutras que profesor e alumnado acorden.

A preparación destas actividades / exercicios correrá a cargo do alumnado, que recibirá asesoramento do profesor nas horas dispoñibles para este cometido ou nas que ambos acorden.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

A recuperación da materia neste caso farase mediante realización de exercicios / actividades para cuxa realización o alumnado teña que asimilar e adquirir os contidos mínimos esixibles correspondentes ao curso que ha de recuperar. Para que estes exercicios teñan validez académica, serán realizados por parte do alumnado, polo menos parcialmente, no centro escolar e en presenza do profesor nas horas de titoría de alumnado ou noutras que profesor e alumnado acorden.

A preparación destas actividades / exercicios correrá a cargo do alumnado, que recibirá asesoramento do profesor nas horas dispoñibles para este cometido ou nas que ambos acorden.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as características das persoas coas que imos traballar.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

**MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:** supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

**MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:**

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

**MEDIDAS ORGANIZATIVAS:**

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, sería moi favorecedor para á atención á diversidade.
- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presenten graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.
- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.			X	X	X			
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.			X	X		X		
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X		X	X		
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.							X	X
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos importantes para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evitanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conferencias / coloquios presenciais relacionados cos contidos da materia.	Estas actividades son promovidas desde o equipo directivo e desde o departamento de Orientación e nelas convídase a entidades como a Cruz Vermella.	X	X	X
Conmemoracións / celebracións que organiza o centro: día da paz, día contra a violencia de xénero,...	O alumnado participará nestes eventos elaborando mensaxes relacionadas coa temática propia da conmemoración / celebración: murais, traballos monográficos, vídeos,...	X	X	X
Conferencias / coloquios virtuais relacionados cos contidos da materia.	Igual que a actividade anterior coa diferenza de que o alumnado asiste a eventos virtuais. Por exemplo un vídeo en directo e chat con persoas cuxas creacións están relacionadas coa materia.	X	X	X

### Observacións:

Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Non sempre pode ser xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións coas que o centro concerta as actividades ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome a este.

(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "baseándome en que" avaliarei.
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade do traballo da aula e creando expectativas.
(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / por parellas / en grupos reducidos / en grupos grandes.
(M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
(M) Como paso as horas lectivas: intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará?
(AD) Que fago para coñecer a composición da clase? Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / ler os informes anteriores / ver os resultados da avaliación / facilitama o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / facilitanma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel?)
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
(AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
AD) Teño en conta o alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
(A) Que teño en conta para medir os resultados? A nota final / o avance, tendo en conta a situación de partida.
(A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
(A) Unha vez rematada a unidade, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: Non / De xeito individual / En grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / Co alumnado.

### Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

## **9. Outros apartados**